




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortigueira. Concello: Cariño. Parroquia: Santa María da Pedra, na metade setentrional; Santo Estevo de Sismundio e Santiago de Landoi na parte sur. Extensión: 5,19 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Forma parte da ría de Ortigueira, antigo aparato fluvial afundido e anegado polo mar. A apertura desta enseada débese ao desnivel tectónico coa unidade occidental da Capelada e a existencia de varias fracturas en dirección ONO-ESE. Estas son das máis importantes na apertura lateral da ría e permitiron unha gran profundidade no entrante, o cal favoreceu a tranquilidade hidrodinámica e a sedimentación de grandes cantidades de sedimentos fluvio-mariños e de vertente. As pendentes que conectan o bloque de esteiro afundido co bloque basculado da Capelada son moi elevadas, pechando de xeito rotundo a unidade pola súa parte occidental. Inclúe o EIX Marismas da Ría de Ortigueira.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade modélase en gneises, eclogitas, granulitas e anfibolitas do Precámbrico-Cámbrico pertencentes ao Complexo de Cabo Ortegá, moi tectonizados, tanto por fracturas como por pregamentos. Importantes depósitos holocenos de marisma.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Seco na franxa costeira: temperatura media anual maior de 14°C e amplitude térmica arredor de 13° C. As precipitacións medias non superan os 1000 mm ao ano, non obstante cara ao interior o clima é máis húmido alcanzando os 1400 mm de precipitación acumulada no alto da Miranda.

OS SOLOS

Esteiro con grande diversidade edáfica a pesar do seu pequeno tamaño. Importante presenza de solos costeiros relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariña, destacando os fluvisoles típicos e sálicos das marismas e o seu estadio anterior de sapropel. O fondo do val de Lourido está ocupado por solos de veiga tipo fluvisol dístrio desenvolvéndose nas súas vertentes acrisoles órticos de estrutura densa e arxilosa e nos maiores desniveis umbrisoles dístrios.


AS AUGAS

Unidade formada pola cunca baixa do Rego do Lourido que desauga na Ría formando un pequeno esteiro entre as puntas Sismundi e da Postiña. Verte na masa de Augas de Transición da Ría de Ortigueira (20475).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. A liña de costa, o intermareal e algúns tramos de chaira costeira quedan dentro do LIC Ría de Ortigueira e Ladrado. Os hábitats que caracterizan e dan importancia á unidade son: os esteiros e bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110, 1130 e 1140); e as marismas e pasteiros salinos atlánticos (grupo 13). Hai tramos acantilados baixos que pertencen ao hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Son frecuentes pequenos rodais de frondosas de recolonización nas agras da ría, aínda que en moitos casos a súa composición está "contaminada" polas árbores froiteiras. Conta con algunha cita do taxon protexido *Festuca brigantina* subsp. *actiophyta*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso predominante é o forestal, localizado sobre as fortes pendentes orientais do cordal montañoso formado polo Teixo, A Miranda, O Cravadoiro, Coto dos Cáparos e Coto Penido do Castelo, e ambas as dúas vertentes occidentais do Monte Mazanteo na península que culmina na Punta do Frade ao leste da unidade. O uso produtivo vinculado aos espazos de cultivo localízanse sobre o fértil val do Arroio Lourido e nas zonas chás a ambos os dous lados do ámbito de marisma da Caleira da Ortigueira, onde se desenvolve un parcelario compartimentado pola existencia de sebes vivas nos lindes das parcelas. Nesta planicie localízanse os escasos asentamentos da unidade apoiados sobre a rede viaria existente. Sobre o ámbito de esteiro aínda persisten os tradicionais usos marisqueiros característicos de todo o esteiro.

MORFOLOXÍA

A poboación aséntase ao longo dos brazos do esteiro, nunha franxa próxima á costa, pero non sobre ela senón ao redor das vías de comunicación que a bordean (AC-1051 ao O e AC-6115 ao E). As entidades de poboación de Figueroa, Reboredo, Pousadoiro ou A Ortigueira insírense tanxencialmente nas dúas estradas que bordean o esteiro, todos eles responden a un asentamento de características tradicionais vinculados coa actividade agraria, desenvolvida nas terras inmediatas ás edificacións. A situación do asentamento, a excepción de Figueroa, marca o cambio de uso do solo de forma que cara a cotas superiores se desenvolve a explotación forestal, nas ladeiras das elevacións que enmarcan esta unidade. Percíbese, tan só procesos de novos crecements, de carácter lineal, no eixe da estrada que comunica A Cerca coa Ortigueira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de estradas está representada polas vías AC-1051 e AC-6115 que por ambos os dous lados do esteiro, oeste e leste respectivamente, conectan os distintos asentamentos. A estas vías conflúe unha abundante rede de camiños e pistas que serven aos distintos usos do solo ou que conectan cos asentamentos que cosen as citadas vías de comunicación provincial.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio arqueolóxico da unidade baséase na existencia de tres elementos catalogados, dous castros, o de Croado na Pedra e o Castro de Sismundi, de localización costeira sobre a punta do mesmo nome. O terceiro depósito localízase sobre a Pena de Castelo e fai referencia a unha fortificación de carácter defensivo asociada ao elevado da súa localización. En canto aos bens de interese cultural destacan a Cruz da Cerca, a Ermida da Concepción e o Pazo de Cerca todos eles na Pedra, xunto a outros tres vinculados ao curso fluvial do Arroio Lourido: a Ponte de Lourido e dous muíños sobre o curso do Lourido.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter da presente unidade vén determinado pola intrusión do esteiro que forma o Arroio Lourido na súa conexión coa Ría de Ortigueira, de tal modo que produce unha ramificación das terras emerxidas, sobre as que se asentan os distintos usos descritos, culminadas polas elevacións do Monte A Miranda no occidente e do Monte Mazanteo no oriente. A organización actual, igual que a do pasado vén determinada, polo tanto, polas características físicas da unidade que permiten un desenvolvemento limitado das actividades derivadas da acción do ser humano.

DINÁMICA DA PAISAXE

Apréciase unha dinámica de substitución do parcelario agrícola polo uso forestal para explotación madeireira con especies de rápido crecemento, que colonizan ata as cotas máis baixas, así como unha tendencia ao crecemento da poboación fóra dos núcleos consolidados.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade configura un dos brazos de esteiro que conforman a Ría de Ortigueira e polo tanto, participa das figuras de protección que abranguen aquel ámbito: Humidal Protexido polo convenio internacional RAMSAR, LIC e ZEPA segundo a Directiva Hábitat, Humidal Protexido e ZEPVN segundo a Lei galega de espazos protexidos e considerado ademais como Espazo de Interese Xeomorfolóxico. A estes valores ambientais hai que engadir a escasa presenza de poboamento sobre a unidade, fundamentalmente de novos procesos construtivos, o que contribúe a manter unha paisaxe de gran beleza estética enmarcada por uns relevos forestados que constitúen o fondo escénico do conxunto. Precisamente, un destes relevos, o Monte Mazanteo de 214 metros, que delimita a unidade cara ao oriente, foi considerado pola súa situación privilexiada sobre a Ría de Ortigueira como Espazo de Interese Paisaxístico, aínda que tamén é posible comprender as características desta unidade dende o miradoiro existente no alto da Miranda, onde xa existe unha área recreativa e que o POL propón como punto de observación didáctico das tipoloxías das unidades de paisaxe D1 e E3.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



